

# Asociacións Culturais

## CORAL POLIFONICA DE BETANZOS

O longo do ano 1987, a Coral realizou, como vén sendo tradicional desde a súa fundación, unha intensa e variada actividade cultural e social, que cada ano se vai superando, tanto en cantidade como en calidade, ademais de facer o que é propio da mesma como son as súas actuacións en Betanzos e outras localidades. Aínda que nos estatutos da Coral dise que o seu obxecto e fin é o cultivo da música polifónica entre os seus asociados..., nembargantes isto estase superando ampliamente porque a súa labour abarca non só a música, senón tamén outras manifestacións da Arte e da Cultura.

### ACTIVIDADE CULTURAL E SOCIAL

#### XANEIRO

Día 23: En Xunta Xeral Ordinaria aprobouse a acta da Xunta anterior e o exercicio económico da sociedad cuns ingresos de 2.217.195 pts. (cotas de socios, actuacións, subvencións...) e uns gastos de 2.034.043 (actos culturais e sociais, desprazamentos, programas...). Na mesma, logo dun informe da presidencia, procedeu á elección de presidente, sendo reeleixido don José Díaz Germade e quedando a xunta directiva formada por: don Felipe Oñate Rodríguez, vicepresidente; don Francisco Sánchez López, secretario; dona Marichela Crespo Hermida, tesoureira; dona Pilar González de Pedro, dona Angeles Seoane López e dona Mercedes Vales Castro, vocais; e don Manuel López Castro, director musical e artístico.

#### MARZO

Día 7: XVIII Aniversario da Coral. Concedeuse a Medalla de Ouro da Coral a don Santiago Castro Gómez, por levar 15 anos como compoñente da mesma.

Día 14: Actuacións do grupo «Acordeones Colegiata de Sar» de Santiago na igrexa de Santo Domingo con motivo do XVIII Aniversario da Coral.

Día 18: Concierto da Coral Polifónica de Arzúa na igrexa de Santo Domingo. XVIII A.C.

Día 22: Pasacalles da Tuna Universitaria Compostelana e reparto de flores a donas e mozas con motivo do comienzo da Primavera.

#### ABRIL

Día 10: Pregón da Semana Santa a cargo de don Manuel Espiña Gamallo, coengo da Colexiata da Coruña e profesor da Escola de Profesorado de E.X.B. da Coruña. A continuación concierto sacro da Coral.

#### AGOSTO

Día 13: Concierto de Verán, en honra de socios e simpatizantes da Coral. Actuación individual e conjunta da Coral Polifónica Eumesa de Pontedeume e da Coral de Betanzos, na igrexa de S. Francisco con motivo das Festas Patronais.

#### SETEMBRO

Día 6: Xira ós Caneiros dun numeroso grupo de socios e compoñentes da Coral.

#### NOVEMBRO

Días 18-30: XIX Festival Santa Cecilia e XIV Concurso Literario Xuvenil.

Día 18: Inauguración da mostra de antigüedades do anticuario «La Galería» da Coruña e pintura

contemporánea de artistas galegos da galería «Arracada» da Coruña na Sala de Arte do Banco de Bilbao.

Día 19: Recital de jazz pola Unión Costa Oeste «Jazz Band» de Ferrol no teatro Alfonsetti.

Día 21: Concierto dúo de guitarras da Coruña na igrexa de Santo Domingo.

Día 22: Misa solemne, cantada pola Coral na igrexa de S. Francisco con motivo da festividade de Santa Cecilia, patrona dos músicos cantores.

Día 25: Representación da comedia «La afición» no Cine Capitol pola Agrupación Teatral Coruñesa.

Día 26: Concierto de piano polo pianista rumano Sorin Melinte, na igrexa de Santiago.

Día 27: Música e baile galego pola Banda de Música, Banda de Gaitas e Grupo de Baile da «Escola Sementeira» de Ancéis, Cambre, no Cine Capitol.

Día 28: Encontro de Corales, actuación individual e conjunta da Coral Polifónica da Sociedade de Sada, Agrupación Musical «Carlos Seijo» de Betanzos e Coral Polifónica de Betanzos na igrexa de S. Francisco.

Día 29: Clausura do XIX FESTIVAL SANTA CECILIA: entrega de premios ós gañadores do XIV Concurso Literario Xuvenil e proxección da película, Otello, de Verdi no Cine Alfonsetti. Foron gañadores do concurso: para xóvenes de 15-18 anos, 1º premio «Aula de Cultura Caixa Galicia» de 25.000 pts. e placa do Concello, compartido por Olga Suárez Fernández (polo traballo «Y habrá Paz») e María Lago Pena (polo traballo «Pedro quiere pegarme»). Para menores de 14 anos con 10.000 pts o 1º premio «Banco de Bilbao» e placa do Concello para Jacobo López Ulloa de 12 anos (polo traballo «Una visita a Raimundo»).

Nadal: Misa de Noite Boa e concerto de villancicos na igrexa de Santiago. Misa e concerto de villancicos na igrexa das «Madres Agustinas», e o mesmo na «Residencia de Ancianos».

### ACTUACIONS DA CORAL EN BETANZOS

#### MARZO

Día 21: Na primeira misa do sacerdote betanceiro Don Casimiro Fernández Núñez, na igrexa de Santiago. Misa cantada.

#### ABRIL

Día 10: Concierto sacro na igrexa de Santo Domingo con motivo do pregón de Semana Santa.

#### MAIO

Día 17: Concierto en S. Francisco coa Coral de Viveiro con motivo do Día das Letras Galegas.

#### AGOSTO

Día 13: Concierto de Verán. Actuación individual e conjunta coa Coral polifónica Eumesa de Pontedeume na igrexa de S. Francisco, con motivo das Festas Patronais, en honra dos socios e simpatizantes da Coral.

Día 15: Misa solemne na igrexa de Santa María do Azougue, copatrona da cidade, con motivo da súa festa.

Día 16: Misa de España, transmitida en directo por Radio Nacional de España desde a igrexa de Santo Domingo e cantada pola Coral.

Día 16: Misa solemne en honra de S. Roque e Función do Voto na igrexa de Santo Domingo.

#### OUTUBRO

Día 12: Concerto na igrexa de Santiago para os asistentes ó XIV Congreso Nacional de Cronistas de España.

#### NÓVEMBRO

Día 22: Misa solemne en honra de Santa Cecilia na igrexa de S. Francisco.

Día 28: Encontro de Corales. Actuación individual e conxunta da Coral Polifónica da Sociedade de Sada, Agrupación Musical «Carlos Seijo» e a Coral de Betanzos.

#### ACTUACIÓNS DA CORAL FORA DE BETANZOS

#### XANEIRO

Día 18: En Ortigueira co patrocinio de Caixa Galicia.

#### FEBREIRO

Día 21: No Pazo de Mariñán, organizado por «Manos Unidas» con motivo da Campaña contra a Fome.

#### XULLO

Día 11: En Malpica co patrocinio da delegación de Cultura do Concello de Malpica.

#### AGOSTO

Día 9: En Cee, a través do convenio coa Diputación Provincial.

Día 23: En Bergondo nas festas patronais.

#### SETEMBRO

Día 21: No pazo de Mariñán con motivo da

Asamblea de Funcionarios da Administración Pública de Concellos e Diputacións.

#### OUTUBRO

Día 11: Misa cantada en Vilozás e concerto con motivo da Festa do Arbol.

Día 17: No Pazo de Mariñán con motivo dunha reunión de eurodiputados.

#### DECSEMBRO

Día 13: En Santa Comba, misa solemne e concerto (convenio Diputación)

Día 27: En Sada, misa cantada e concerto de villancicos (convenio Diputación).

#### SITUACION DA CORAL A FINAIS DE 1987

— Compoñentes: 52 dos que 14 son sopranos, 12 contraltos, 5 tenores, 7 segundos, 7 barítonos, 5 baixos, 1 director e 1 organista. Houbo 3 baixas e 8 altas.

— Socios protectores: 786. Houbo 53 altas e 6 baixas (3 por defunción e 3 por cambio de residencia).

Xurídicamente, a Coral está inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións do Goberno Civil da Coruña co nº 185 e no Rexistro Nacional co nº 9.072. Inscrita así mesmo no Censo da Asociacións e Entidades Culturais de Galicia da Consellería de Cultura con nº C.I.C.A.-02-22/c-109 libro 1, arqvo. 215.

Finalmente tamén está inscrita no Censo Municipal de Asociacións Culturais. A Delegación de Fazenda concedelle a exención do IVA.

Hai un ensaio por cordas e outro xeral por semana no edificio do Antigo Hospital de San António.

#### ASOCIACION «SANTO DOMINGO»

Con esta denominación constituiuse esta asociación que se autodefine como «cultural, artística, social, recreativa y deportiva», vinculada ó catecismo de Santo Domingo e á que poden pertencer todalas familias de Betanzos, «siendo beneficiarios todos los miembros de la familia, prinpalmente los niños, a quienes van dirigidas las actividades que se realizan».

Neste primeiró año de existencia déronse clases de baile galego, formándose 4 grupos; clases de manualidades, de debuxo e de teatro.

Os 4 grupos de baile galego presentáronse en Betanzos con motivo do Día da Muiñeira, actuaron na festa do fin de curso do Instituto Médico Pedagógico de Betanzos e no día da Muiñeira celebrado en Arteixo. O grupo de baile de maiores actuaron tamén no Día da Muiñeira de Bergondo; no festival organizado por Manos Unidas do Cine Alfonsetti; no festival organizado por «La Casera» en Betanzos; no Día do Emigrante con motivo das festas patronais; na

Residencia de Ancianos e no festival organizado a beneficio da dita residencia no Cine Capitol.

Os participantes en manualidades fixeron unha mostra dos traballos no Instituto Médico Pedagógico de Betanzos no fin de curso.

O grupo de teatro participou no festival organizado por Manos Unidas celebrado no Cine Alfonsetti e actuou 2 veces na Aula de Cultura de Caixa Galicia, na Residencia de Ancianos, na festa de fin de curso do Instituto Médico Pedagógico, no festival a beneficio da Residencia de Ancianos e en Sada onde representou 5 obras.

O local social está na Rúa Tomás Dapena, 6, baixo, onde ademais das actividades descritas, os nenos poden xogar a pin-pong, axedrez, parchis, damas, oca, palé, etc.

O 23 de outubro a xunta xeral ordinaria aprobou os estatutos, elexiuse a xunta directiva e estanse seguindo os trámites para a súa legalización.

#### CINE-CLUB ALAMEDA

#### XANEIRO

«El motín del Caine»

#### FEBREIRO

«El séptimo sello» (I Bergman)

#### MARZO

«Evangelio según Mateo» (Pier Paolo Pasolini).

Ademais das proxeccións de películas o día 12 de abril e baixo a súa organización, inaugurouse na sala de Arte do Banco de Bilbao a «Fotomostra-87» na que figuraron fotografías dos máis diversos temas e con diferentes técnicas. Estivo aberta ata o 26 dese mesmo mes.



Marzo 1987

No paso elevado sobre o «Paseo de la Castellana» en Madrid, na confluencia das rúas de Joaquín Costa e Raimundo Fernández Villaverde, tivo lugar o acto de inauguración do mural titulado «La Ciudad, homenaxe a Le Corbusier en el centenario de su nacemento». É obra do artista betanceiro, Jesús Núñez, director dos cursos de GRAFICA na nosa cidade desde 1985. Está realizada con ferro galvanizado e pintura «al duco», tendo un peso de 1.300 Kg. Na fotografía, o autor (á esquerda) xunto co Alcalde de Madrid, don Juan Barranco e o Alcalde de Betanzos don Manuel Lagares, coa obra ó fondo.

#### GRAFICA 87

Do 20 ó 31 de xullo desenrolouse o curso de Artes Gráficas «Gráfica-87» organizado pola Universidade Internacional «Menéndez Pelayo» en colaboración coa Diputación Provincial da Coruña, a Consellería de Cultura e Benestar Social da Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos.

O curso levouse a cabo baixo a dirección do artista betanceiro Jesús Núñez Fernández, e nel impartíronse ensinanzas de grabado calcográfico,

litografía, serigrafía e xilografía.

Por outra banda hai que suliñar que o 31 de xullo firmouse un convenio entre o Concello de Betanzos e a Universidade Internacional «Menéndez Pelayo», polo que se asegura a continuidade nos vindeiros catro anos dos cursos de «Gráfica». Este preténdese que sexa o primeiro paso para a instalación en Betanzos dun entro internacional de artes gráficas.

#### GRUPO UNTIA SEMINARIO DE ESTUDIOS MARIÑANS

O feito que aparece como máis destacado deste grupo a través da prensa no ano 1987 é o acto que organizou na igrexa de San Francisco dentro das actividades do «Día das Letras Galegas» (17 de maio). A presentación correu a cargo do presidente do grupo, don antonio Río López, quen destacou a figura de dona Francisca Herrera. Intervirón tamén as corales polifónicas de Viveiro e Betanzos, baixo a dirección de don José Luis López Rivera e don Manuel López Castro respectivamente. A continuación fixo uso da palabra don José Raimundo Núñez Lendoiro quen ofreceu o homenaxe a Fernán Pérez de Andrade, fundador do mosteiro no 1387, e quen

mandou facer a versión galega da Crónica Troiana. Para rematar fixose unha ofrenda floral e cantouse o himno galego.

#### COMISION ARTE E CULTURA POPULAR «INZAR»

Durante as festas patronais este colectivo de artistas aficionados expuxo as súas obras nos escaparates do establecemento Montes na que foi a segunda mostra cultural «Cara á rúa». Participaron: Lito Muñoz, Vicente García Blanco, Ricardo García Gondell, Manuel Rosende, e López González.



*Nova directiva da Asociación de «Amas de Casa y del Consumo Familiar». De pe, de esquerda a dereita según os nomes que nos dou a asociación: Encarnación Sanjurjo, Luisa Presedo, Concepción Cabado, Marieta Gómez, Carmiña Freire, Maruxa Vilas e Adela García. Sentadas de esquerda a dereita: María del Carmen Iglesias, Milagros del Río, Purificación Calviño, Adela Caaveiro, Luisa Ramírez de Arellano e Gloria Mendiburu. Falta por enfermidade, Piedad Luaces.*

#### ASOCIACION DE «AMAS DE CASA Y DEL CONSUMO FAMILIAR»

##### MARZO

Día 11: Tivo lugar unha Asamblea Xeral na que resultou elexida por maioría absoluta nova Presidenta da Asociación, dona Marieta Gómez Sánchez.

##### ABRIL

Día 8: En Asamblea Xeral a presidenta presentou as componentes da Xunta Directiva, candidatura que se aprobou por maioría absoluta, quedando composta do seguinte xeito (escrivimos os nomes tal como nos foron adxuntados pola Asociación):

**Presidenta:** Marieta Gómez Sánchez

**Vicepresidentas:** Minucha del Río Sánchez, Luisa Ramírez de Arellano.

**Secretaria:** Puri Calviño.

**Tesorera:** Mary Carmen López, que máis tarde dimitiu por asuntos personais, noméandose a Chicha Cabado.

**Vocais:** Luisa Presedo, Carmiña Freire, María del Carmen Iglesias, Maruxa Vilas, Piedad Luaces, Gloria Mendiburu, Pichi Sanjurjo, Adela García e Adela Caabeiro.

Día 30: Visita cultural ó Pazo de Mariñán onde viron, entre outras cousas o invernadeiro e recibiron como regalo, flores e unha merenda.

##### MAIO

Día 7: Viaxe a Sargadelos con vlsitas culturais á catedral de Mondoñedo e a Viveiro.

Día 21: En colaboración co Concello de Betanzos e con motivo do «Día das Letras Galegas» organizaron os seguintes actos:

- Un concurso de contos en galego para tódolos nenos de Betanzos con idades comprendidas entre 10 e 14 anos. Recibiu o primeiro premio a nena Verónica Gómez Roa.

- Recital de poesías de Rosalía de Castro a cargo da asociada dona Carmen Vázquez.

- Conferencia a cargo do ilustre galego don Isaac Díaz Pardo quen tratou o tema «A historia da Lingua Galega».

##### XUÑO

Día 5: Viaxe, relativo a temas de consumo, á fábrica «Clesa» de Caldas de Reis, seguindo a Pontevedra (Museo Provincial).

Día 8: Colaboración nun programa de Radio Televisión Galega onde as asociadas cocíñaron 60 tortillas que se repartiron entre tódolos asistentes.

Día 16: Visita ó «Centro de las Hermanas Hospitalarias del Sagrado Corazón» de Betanzos, para ver

os traballos feitos polas nenas.

Día 20: Día provincial en Cee, ó que asistiu unha representación de Betanzos.

#### XULLO

Día 4: Romería de fin de curso en Espenuca, cunha comida campestre e misa na capela oficiada por don Manuel López Castro.

#### SETEMBRO

Día 23: Empezaron os cursiños de policromado, madeira, tea, cristal estaño, etc., impartidos por doña María del Carmen Fariñas.

#### OUTUBRO

Día 2: Viaxe a Ribadavia visitando a Cooperativa

do viño do Ribeiro «Ouro», e a Ourense onde se detiveron especialmente na Catedral, nas Burgas e no Museo Arqueolóxico.

Día 22: Conferencia a cargo de dona Pilar Iglesias sobre «El stress de las amas de casa».

#### NOVEMBRO

Día 18: Conferencia de consumo a cargo da doctora dona María Luisa Couceiro quen falou sobre o tema «Adulteración y fraude de los alimentos».

#### DECEMBRO

Día 16: Cursiño de cociña do Nadal a cargo de dona Esther Prado.



O grupo de baile de «Pasiño a pasiño» preparado para a danza de zapateiros diante da igrexa da Angustia.

### AGRUPACION «PASIÑO A PASIÑO»

Estas foron as súas actuacións no 1987:

#### XANEIRO

Día 9: No «II Torneo Internacional da Fifa» de fútbol sala.

#### MARZO

Días 1, 3, 7: O grupo de gaitas da Asociación amenizou as festas do Antroido en Sada e Malpica.

Día 14: Baile en Santiago con motivo da ordenación do sacerdote betanceiro don Francisco Casimiro Fernández, antigo colaborador do Catecismo da Angustia. Ali inaugurou a danza gremial de zapateiros de Betanzos que adaptou a súa profesora de baile, dona Ana Vázquez e que non fora bailada desde 1902.

Día 27: Actuación na discoteca Nilson participando nunha festa galega, organizada por «Ventosa».

#### ABRIL

Día 4: Amenizou a «II festa do Viño».

Día 25: Día Muiñeira, organizado polo Colexio Liceo «La Paz» da Coruña.

#### MAIO

Día 9: Organizou o «II Día da Muiñeira» na Praza García Irmáns de Betanzos, contando con máis de 1.000 participantes.

#### XULLO

Día 11: Organizou o «IV Día do Emigrante» cunha merenda-cea no adro da igrexa da Angustia.

Día 16 e 17: Actuación en Sada nas festas do Carme.

#### AGOSTO

Día 1: Na Romería de San Paio, en Tiobre, organizada pola asociación de veciños da dita localidade.

Día 3: No aeroporto de Labacolla na recepción dun grupo de emigrantes galegos, vidos de Buenos Aires.

Día 15: No «Día da Muiñeira» en Miño.

Día 24: No «Día de Galicia» das Festas de San Roque en Betanzos.

Finais de agosto: En Porzomillos con motivo das súas festas.

#### SETEMBRO

Día 8 e ss.: No barrio da Ponte Vella con motivo das súas festas. Na Angustia tamén con motivo das festas patronais.

#### OUTUBRO

Día 12: Na clausura do «XIV Congreso Nacional de Cronistas Oficiales de España» celebrada no «Rey Brigo».

#### NOVEMBRO

Actuación en Guísamo no seu «I Día da Muiñeira».

#### DECEMBRO

Día 11: No Muiño Roxo de Betanzos.

## CLUB DE XUBILADOS

Foron as súas actividades no 1987:

### XANEIRO E FEBREIRO

- Ciclo de cine
- Curso de Yoga

### MARZO

- Ciclo de cine
- Revisión médica
- Curso de Yoga

### ABRIL

- Curso de manualidades
- III Campeonato de xogos de mesa
- Ciclo de cine
- Curso de Yoga

### MAIO

- Curso de manualidades
- Excursión a Ourense
- Entrega de trofeos do III campeonato de xogos de Mesa
- Actuación do coro do Club de Xubilados de «Caixa Galicia» de Ferrol.

### XUÑO

- Excursión á feira de mostras de Silleda con visita ó Pazo de Oca.
  - «VIII Campeonato interáreas de Juegos de Mesa» en Lugo
  - Segundos encontros de Yoga, en Ferrol.
- XULLO
- Actuación do Grupo Infantil de Teatro de Betanzos.
  - Romería a Amil Organizada por este Club, xunto cos de Santiago e Ourense.
  - Excursión a Malpica e Corme
  - Excursión ó Grove.

### OUTUBRO

- Ciclo de cine
- Revisión médica

### NOVEMBRO

- Ciclo de cine
- Revisión médica
- Curso de manualidades

### DECEMBRO

- Curso de manualidades
- III Semana Cultural: actuación do coro e agrupación musical do Club de Xubilados de «Caixa Galicia» da Coruña; mostra de traballos manuais; cine; actuación do Grupo de Teatro Infantil de Betanzos; actuación da Agrupación Teatral Coruñesa; comida con baile.
- Campeonato de xogos de mesa patrocinado polo Concello de Betanzos.

## AGRUPACION DE PULSO E PUA «CARLOS SEIJO»

As súas actuacións no 1987 foron:

### FEBREIRO

Día 21: No Pazo de Mariñán, dentro do Festival organizado por «Manos Unidas».

### MARZO

Día 21: En Pontedeume no «Festival de Primavera», organizado pola Coral Polifónica de Pontedeume e no que tomaron parte tamén a dita coral e a Coral Polifónica de Viveiro.

### MAIO

Día 17: En Carral no Festival organizado con motivo da conmemoración do «Día das Letras Galegas».

### AGOSTO

Día 6: Nas festas Patronais de Bergondo

Día 12: Concierto de verán en Betanzos como preámbulo ás festas patronais da cidade.

### NOVEMBRO

Día 28: No «Festival de Santa Cecilia», organizado pola Coral Polifónica de Betanzos actuou conxuntamente coa dita coral e a Coral Polifónica de Sada.

### DECEMBRO

Día 12: Concierto na Coruña no «Centro Comercial Cuatro Caminos».

Día 17: Colaboración no Festival Artístico organizado pola Asociación de veciños «Las Cascas», con obxecto de recaudar fondos para a cea de Noite Boa na Residencia de Irmáns García Naveira.

Día 19: No Festival Navideño de Lorbé (Oleiros).

Día 24: Na Misa do Galo celebrada no Santuario dos Remedios de Betanzos.

Día 27: En Melide no Concierto Navideño, organizado pola Asociación «Froito Novo» da localidade.

## GRUPO DE TEATRO «BERROS»

No ano 1987 colaborou na organización do Concurso de Disfraces, no Enterro da Sardiña e demais actos populares propios do Antroido.